

***ORDE do 20 de decembro de 2012 pola que se establece a organización e se atribúen determinadas funcións no ámbito de competencias das áreas de Xestión e de Colaboración Social, Información e Asistencia da Axencia Tributaria de Galicia. (DOG 2/12/2012 inclúe corrección de erros DOG 14/01/2013)***

O artigo 19 do Estatuto da Axencia Tributaria de Galicia, aprobado polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto, establece que a Axencia Tributaria de Galicia, para o desempeño das súas funcións e baixo a dependencia da Dirección, se estrutura en áreas e departamentos por razón da materia e en función dos distintos ámbitos de actuación, así como en unidades centrais e delegacións, para o efecto da desconcentración das funcións que así o requiran e de acordo co que se delimite por orde da consellería competente en materia de facenda e nas instrucións e directrices emitidas pola Dirección.

O artigo 21 do Estatuto determina como unidades centrais con competencias en materia de xestión tributaria a Área de Colaboración Social, Información e Asistencia e a Área de Xestión Tributaria, coas funcións enumeradas nos artigos 22 e 23, respectivamente. Os artigos 22 e 23 sinalan que corresponde ás devanditas áreas, sen prexuízo das funcións que, de conformidade co disposto no mesmo decreto, deban entenderse atribuídas a outros órganos ou unidades, as funcións de xestión tributaria previstas no artigo 117 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, de imposición de sancións e de revisión en vía administrativa que se lle atribúan mediante orde da consellería competente en materia de facenda, así como as demais que lle encomende a Dirección ou que se lle deleguen. Por outra banda, o artigo 31 do Estatuto, establece que as delegacións da Axencia, dentro do ámbito territorial delimitado por orde da consellería competente en materia de facenda, contarán, para o cumprimento das súas funcións, con, entre outras unidades, o Departamento de Información e Asistencia e o Departamento de Xestión Tributaria, que exercerán as funcións de xestión tributaria previstas no artigo 117 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, de imposición de sancións e de revisión en vía administrativa, que se lles atribúan mediante orde da consellería competente en materia de facenda.

Por último, a disposición derradeira terceira do Decreto 202/2012 habilita a persoa titular da consellería competente en materia de facenda para ditar cantos actos e disposicións sexan necesarios para o desenvolvemento e execución do previsto nel.

A presente orde desenvolve o disposto no Estatuto da Axencia Tributaria de Galicia en canto á determinación da estrutura e ás funcións de xestión tributaria, do exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria e de revisión administrativa dos órganos de xestión tributaria sinalados nos parágrafos anteriores.

A organización e distribución de funcións que esta orde aborda vén determinada por tres factores. En primeiro lugar, pola modernización dos procedementos, sobre todo coa introdución progresiva nos últimos anos das novas tecnoloxías; en segundo, pola idea da flexibilización na asignación dos seus recursos

como forma de aumentar a eficiencia no seu funcionamento e, en terceiro, pola potenciación dos labores de información e asistencia aos obrigados tributarios.

Así, en virtude do exposto e de acordo coas competencias establecidas na disposición derradeira terceira do Decreto 302/2012 e nos artigos 19, 29, 22, 23 e 31 do Estatuto da Axencia Tributaria,

## **DISPOÑO:**

### **Artigo 1. *Órganos de xestión tributaria***

1. As funcións de xestión tributaria, no ámbito da competencia da Axencia Tributaria de Galicia, en diante, a Axencia, serán exercidas polos seguintes órganos:

A) Na esfera central:

a) Pola Área de Colaboración Social, Información e Asistencia, que contará co Departamento Central de Estudos, Información e Asistencia e co Departamento de Colaboración Social e Administrativa e

b) Pola Área de Xestión Tributaria, que contará co Departamento Central de Xestión Tributaria e co Departamento de Tributos de Xestión Centralizada.

B) Na esfera territorial: polos departamentos de Información e Asistencia e os departamentos de Xestión Tributaria, sen prexuízo das que teñen atribuídas os titulares das delegacións da Axencia en relación coa superior xefatura e coordinación entre os distintos departamentos e unidades.

2. Para os efectos do disposto no Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, e do disposto nesta orde, terán a consideración de órganos de xestión tributaria todos os órganos da Axencia a que se refire o número 1 anterior, así como as unidades administrativas integradas neles.

### **Artigo 2. *Área de Colaboración Social, Información e Asistencia***

1. Xefe de área. Á fronte da Área de Colaboración Social, Información e Asistencia haberá un xefe de área, que será o responsable do desenvolvemento das funcións e competencias que lle corresponden á área. Ao xefe de área correspóndelle, no ámbito das súas funcións, ditar os criterios de actuación dirixidos aos órganos e unidades das esferas central e territorial. A persoa titular da área será substituída, en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, pola persoa que designe a persoa titular da Dirección da Axencia Tributaria de Galicia.

2. Funci3ns. Corresponde 3 3rea de Colaboraci3n Social, Informaci3n e Asistencia, baixo a dependencia da persoa titular da Direcci3n da Axencia, sen prexuízo das demais competencias que lle atribúe a normativa vixente e das funci3ns que, de conformidade co disposto nesta orde, deban entenderse atribuídas a outros 3rganos ou unidades, as seguintes funci3ns:

a) A coordinaci3n dos departamentos de Informaci3n e Asistencia Tributaria das delegaci3ns, outros 3rganos de xesti3n e de calquera outra organizaci3n que preste servizos propios da Axencia, en materia de informaci3n e asistencia tributaria.

b) A xesti3n do contido da sede electr3nica e a p3xina web da Axencia.

c) O mantemento da base de datos de coñecemento, as3 como a recompilaci3n e publicaci3n dos textos actualizados das normas tributarias e de doutrina administrativa de maior transcendencia.

d) A tramitaci3n dos procedementos de revogaci3n e dos procedementos especiais de revisi3n de actos nulos de pleno dereito e de declaraci3n de lesividade de actos anulables, cando a resoluci3n ou a súa proposta corresponda 3 Direcci3n da Axencia.

e) O exercicio das funci3ns de colaboraci3n social con outras administraci3ns p3blicas, con entidades privadas ou con instituci3ns ou organizaci3ns representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais.

f) O exercicio das funci3ns de colaboraci3n cos 3rganos de control e inspecci3n auton3micos e doutras administraci3ns p3blicas, e cos 3rganos econ3mico-administrativos e xudiciais.

g) O estudo, deseño e proposta dos sistemas e procedementos que se vaian utilizar no 3mbito das s3as competencias.

h) O estudo, deseño e proposta dos procedementos de control para a detecci3n e regularizaci3n dos incumprimentos das obrigaci3ns tributarias en colaboraci3n coas outras 3reas da Axencia.

i) A proposta de instruci3ns ou circulares no seu 3mbito de competencias.

j) As demais que lle encomende a Direcci3n da Axencia ou que se lle deleguen.

3. 3mbito territorial. As anteriores funci3ns exerceranse no 3mbito territorial da Comunidade Aut3noma de Galicia.

4. Estrutura. Para o exercicio das funci3ns anteriores, contar3 coas seguintes unidades administrativas:

A) O Departamento Central de Estudos, Información e Asistencia, que exercerá, entre outras, as seguintes funcións:

a) A coordinación dos departamentos de Información e Asistencia Tributaria das delegacións, outros órganos de xestión e de calquera outra organización que preste servizos propios da Axencia, en materia de información e asistencia tributaria.

b) A planificación e coordinación das campañas de información e asistencia tributaria, atendendo principalmente aos cambios normativos de especial transcendencia.

c) A xestión, mantemento e actualización do contido da páxina web e da sede electrónica da Axencia.

d) A elaboración e mantemento dos modelos oficiais de declaracións, autoliquidacións, comunicacións ou solicitudes tributarias e de calquera documento normalizado.

e) O mantemento da base de datos de coñecemento, a recompilación e publicación dos textos actualizados das normas tributarias, de doutrina administrativa de maior transcendencia, de manuais, guías e calquera outra publicación dirixida a facilitar tanto a aplicación dos tributos por parte dos órganos e unidades da Administración tributaria como o cumprimento das obrigacións tributarias por parte dos cidadáns.

f) A xestión dos programas a través dos que se canalicen as consultas dos órganos e unidades administrativas da Axencia e a emisión de informes en materia técnico-tributaria que non corresponda a outras áreas, con criterios xerais que aseguren o tratamento homoxéneo e coordinado dos obrigados tributarios.

g) A xestión dos programas e aplicacións informáticas a través dos que se canalicen as solicitudes de información dos obrigados tributarios e a emisión de respostas automatizadas a elas.

h) A emisión de certificados tributarios, no ámbito das súas competencias.

i) A dirección da prestación do servizo de atención telefónica da Axencia e a coordinación dos seus operadores, tanto na esfera central como nas esferas territoriais.

j) A elaboración de estudos e informes sobre as distintas actuacións e procedementos desenvolvidos pola Axencia.

k) A tramitación dos procedementos de revogación e dos procedementos especiais de revisión de actos nulos de pleno dereito e de declaración de lesividade de actos anulables, cando a resolución ou a súa proposta corresponda á Dirección.

l) O estudo, deseño e proposta dos sistemas e procedementos que se vaian utilizar no ámbito das súas competencias.

m) A proposta de instrucións ou circulares no seu ámbito de competencias.

n) As demais que lle encomende o xefe da área ou que se lle deleguen.

B) O Departamento de Colaboración Social e Administrativa, que exercerá, entre outras, as seguintes funcións:

a) A tramitación e supervisión dos acordos de colaboración social con outras administracións públicas, con entidades privadas ou con institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais.

b) A colaboración e intercambio de datos e información necesaria cos órganos de control e inspección autonómicos e doutras administracións públicas e, en particular, co Consello de Contas de Galicia, a Inspección de Servizos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, co Consello Superior para a Dirección e Coordinación da Xestión Tributaria e co Consello Territorial para a Dirección e Coordinación da Xestión Tributaria.

c) Canalizar as relacións entre os órganos da Axencia e os órganos económico-administrativos e os xuíces e tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

d) A elaboración de informes para a proposta de interposición de recursos contencioso-administrativo, o seguimento e control en materia de medidas cautelares e de execución de resolucións, autos e sentenzas, canalizando a relación coa Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

e) O estudo, deseño e proposta dos sistemas e procedementos que se vaian utilizar no ámbito das súas competencias.

f) A proposta de instrucións ou circulares no seu ámbito de competencias.

g) As demais que se encomende o xefe da área ou que se lle deleguen.

### **Artigo 3. Área de Xestión Tributaria**

1. Xefe de área. Á fronte da Área de Xestión Tributaria haberá un xefe de área, que será o responsable do desenvolvemento das funcións e competencias que lle corresponden á área. Ao xefe de área correspóndelle, no ámbito das súas funcións, ditar os criterios de actuación dirixidos aos órganos e unidades das esferas central e territorial. A persoa titular da área será substituída, en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, pola persoa que designe a persoa titular da Dirección da Axencia.

2. Funcións. Corresponde á Área de Xestión Tributaria, baixo a dependencia da persoa titular da Dirección da Axencia, sen prexuízo das demais competencias que lle atribúe a normativa vixente e das funcións que, de conformidade co disposto nesta orde, deban entenderse atribuídas a outros órganos ou unidades, as seguintes funcións:

a) A xestión centralizada dos tributos que gravan o xogo, dos impostos propios e do imposto sobre o patrimonio das persoas físicas que lle corresponda á Axencia, así como o exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria no devandito ámbito material e a revisión en vía administrativa dos actos correspondentes, a través do departamento a que se refire o artigo 4.

b) A coordinación dos departamentos de xestión tributaria da Axencia, outros órganos de xestión e de calquera outra organización que preste servizos propios da Axencia, no seu ámbito de competencias.

c) A coordinación, asistencia e control, en colaboración co órgano de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de orzamentos, dos órganos xestores de taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, así como das actuacións e procedementos de xestión e sancionador respecto destes.

d) O estudo, deseño e proposta dos sistemas e procedementos que se vaian utilizar nas actuacións de xestión tributaria no seu ámbito de competencias, así como, en colaboración co órgano de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de orzamentos, dos sistemas e procedementos de aplicación de taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) O estudo, deseño e proposta dos sistemas e procedementos para o exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria, en colaboración coas outras áreas da Axencia.

f) A elaboración do sistema de información e estatística relativa aos resultados da xestión no seu ámbito de competencias.

g) O estudo, deseño e proposta dos procedementos de control para a detección e regularización dos incumprimentos das obrigacións tributarias en colaboración coas outras áreas da Axencia.

h) No ámbito de aplicación dos artigos 93 e 94 da Lei xeral tributaria, a configuración das fórmulas e procesos adecuados para a utilización dos datos obtidos e da información no ámbito do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, para a comprobación do cumprimento das obrigacións tributarias e a detección dos incumprimentos e as actuacións e comportamentos defraudatorios, en colaboración coas outras áreas da Axencia.

i) A proposta de instrucións ou circulares no seu ámbito de competencias.

i) As demais que lle encomende a Dirección da Axencia ou que se lle deleguen.

3. Ámbito territorial. As anteriores funcións exerceranse no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Estrutura. Para o exercicio das funcións anteriores, contará coas seguintes unidades administrativas:

A) O Departamento Central de Xestión Tributaria, que exercerá, entre outras, as seguintes funcións:

a) A coordinación dos departamentos de xestión tributaria das delegacións, outros órganos de xestión e de calquera outra organización que preste servizos propios da Axencia, sen prexuízo das funcións que, de conformidade co disposto na presente orde, deban entenderse atribuídas a outros órganos ou unidades.

b) O estudo, deseño e proposta dos sistemas e procedementos que se vaian utilizar nas actuacións de xestión tributaria no seu ámbito de competencias.

c) A definición dos criterios cos que se procederá a realizar a selección de expedientes que deban ser obxecto de control extensivo polos correspondentes órganos de xestión.

d) A planificación e seguimento das actuacións de control de tributos cedidos á Comunidade Autónoma de Galicia, que se acordaron no Consello Territorial para a Xestión Tributaria.

e) A elaboración do sistema de información e estatística relativa aos resultados da xestión no seu ámbito de competencias.

f) A proposta de instrucións ou circulares no seu ámbito de competencias.

g) As demais que lle encomende o xefe da área ou que se lle deleguen.

B) O Departamento de Tributos de Xestión Centralizada, que exercerá as súas funcións en consonancia co disposto no artigo seguinte.

#### **Artigo 4. Departamento de Tributos de Xestión Centralizada**

1. Funcións. Corresponde ao Departamento de Tributos de Xestión Centralizada o exercicio das seguintes funcións:

A) No ámbito material dos impostos propios, dos tributos sobre o xogo e do imposto sobre o patrimonio que lle corresponde á Axencia:

a) A recepción e tramitación de declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e demais documentos con transcendencia tributaria.

b) A comprobación e realización das devolucións previstas no artigo 31 da Lei xeral tributaria, sen prexuízo das competencias atribuídas aos órganos de recadación nesta materia.

*Apartado modificado pola Disposición Derradeira segunda da Orde de 29 de xaneiro de 2015 pola que se aproban as normas de aplicación do imposto sobre a contaminación atmosférica*

c) O recoñecemento e comprobación da procedencia dos beneficios fiscais de acordo coa normativa tributaria.

d) A realización de actuacións de control do cumprimento da obrigaón de presentar declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e demais documentos tributarios e doutras obrigaóns formais.

e) A realización de actuacións de verificación de datos.

f) A realización de actuacións de comprobación de valores.

g) A realización de actuacións de comprobación limitada.

h) A práctica de liquidacións tributarias derivadas das actuacións de verificación e comprobación realizadas.

i) A emisión de certificados tributarios, no ámbito das súas competencias.

j) A elaboración e mantemento dos censos tributarios.

k) A realización das demais actuacións de aplicación dos tributos non integradas nas funcións de inspección e recadación.

l) As funcións de imposición de sancións e de revisión en vía administrativa, sen prexuízo das funcións que, de conformidade co disposto nas normas legais, regulamentarias e de organización, deban entenderse atribuídas a outros entes, órganos ou unidades.

m) O estudo, deseño e proposta dos sistemas e procedementos que se vaian utilizar nas actuacións anteriores.

B) No ámbito material das taxas e os prezos da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) A coordinación, asistencia e control, en colaboración co órgano de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de orzamentos, dos órganos xestores de taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, así como das actuacións e procedementos de xestión e, se é o caso, sancionador respecto destes.



b) O estudo, deseño e proposta, en colaboración co órgano de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de orzamentos, dos sistemas e procedementos de aplicación de taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) As funcións de imposición de sancións e de revisión en vía administrativa dos actos correspondentes.

d) A asunción de procedementos de xestión en determinadas taxas e prezos, cando así se acorde por resolución da consellería competente en materia de facenda, e as funcións de revisión en vía administrativa dos actos ditados nos devanditos procedementos.

e) A proposta de instrucións ou circulares no seu ámbito de competencias.

f) A elaboración do sistema de información e estatística relativa aos resultados da xestión no seu ámbito de competencias.

g) As demais que lle encomende o xefe da área ou que se lle deleguen.

2. Estrutura. O exercicio das funcións anteriores realizarano as unidades administrativas que se relacionan a continuación. Poderano realizar igualmente os equipos ou unidades dos órganos territoriais de xestión tributaria, cando así o determine a dirección da Axencia.

A) Xefe de departamento. Á fronte do departamento haberá un xefe de departamento que será o responsable do desenvolvemento das funcións e competencias que lle corresponden ao departamento, e será substituído, en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, pola persoa que designe a persoa titular da Área de Xestión Tributaria.

B) A persoa que ocupe a xefatura do departamento realizará no ámbito material das súas competencias, entre outras, as seguintes funcións:

a) Ditar as liquidacións e resolucións dos procedementos de xestión tributaria.

b) Recoñecer os beneficios fiscais de acordo coa normativa reguladora.

c) Acordar o inicio dos procedementos sancionadores.

d) Nomear, se é o caso, a persoa instrutora do procedemento. En defecto de nomeamento será a persoa instrutora do procedemento sancionador a competente para formular as propostas de liquidación e de resolución de imposición de sancións.

e) Propor a resolución dos procedementos sancionadores cando se impoñan sancións non pecuniarias, salvo que a sanción consista na perda de beneficios fiscais cuxa concesión sexa da súa competencia.

f) Resolver o resto dos procedementos sancionadores.

g) Resolver os procedementos de revisión administrativa que sexan competencia do departamento.

C) Equipo de impostos de xestión centralizada. A persoa titular desta unidade administrativa realizará no ámbito dos impostos de xestión centralizada, entre outras, as seguintes funcións:

a) Ditar a proposta de liquidación e a proposta de resolución de calquera procedemento de xestión tributaria e elevala ao xefe de departamento para a súa aprobación.

b) Ditar a proposta que correspondese tras o prazo de alegacións, elevala ao xefe de departamento para a súa aprobación e notificación, cando así procedese.

c) Practicar os requirimentos que sexan procedentes dentro do seu ámbito de competencias.

d) Expedir as guías de circulación dos cartóns autorizados para o xogo do bingo.

e) Formular a proposta de acordo de inicio de procedemento sancionador, instruír o procedemento sancionador, salvo que a persoa titular da xefatura do departamento designase expresamente outra persoa, e formular as propostas de resolución de imposición de sancións.

f) Elevar as propostas a que se refire a letra anterior ao xefe de departamento para a súa aprobación e, cando proceder, para a súa notificación.

g) Formular as propostas de resolución dos procedementos de revisión administrativa que sexan competencia do departamento.

h) As demais que lle encomende o xefe do departamento ou que se lle deleguen.

D) Equipo de taxas e prezos. A persoa titular desta unidade administrativa realizará no ámbito das taxas e os prezos, entre outras, as seguintes funcións:

a) Todas as funcións relacionadas no punto C) anterior, cando por resolución da consellería competente en materia de facenda se acordase a asunción de procedementos de xestión en determinadas taxas e prezos, sen prexuízo do disposto no primeiro parágrafo deste número 2.

b) Estudar a proposta de acordo de inicio de procedemento sancionador en materia de taxas e prezos remitida polos órganos de xestión dos devanditos instrumentos financeiros e elevala ao seu órgano inmediato superior para a súa aprobación, e, cando proceder, para a súa notificación.

c) Instruír o procedemento sancionador iniciado por instancia dos órganos xestores de taxas e prezos, salvo que a persoa titular da xefatura do departamento designase expresamente outra persoa.

d) Formular as propostas de resolución de imposición de sancións de taxas e prezos que procederen.

e) Elevar as propostas a que se refire a letra anterior ao xefe de departamento para a súa aprobación e, cando proceder, para a súa notificación.

f) Formular as propostas de resolución dos procedementos de revisión administrativa que sexan competencia do departamento.

g) As demais que lle encomende o xefe do departamento ou que se lle deleguen.

#### **Artigo 5. *Órganos territoriais de xestión tributaria***

1. Órganos. Para o exercicio das competencias e funcións da Axencia en materia de xestión tributaria, imposición de sancións e revisión administrativa, no ámbito material dos impostos de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e sucesións e doazóns, a Axencia contará coas seguintes unidades administrativas insertas na estrutura das súas delegacións:

A) Departamento de Información e Asistencia, que exercerá as seguintes funcións:

a) A recepción, mecanización, se é o caso, e tramitación de declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e demais documentos con transcendencia tributaria.

b) A realización de actuacións de control do cumprimento da obrigaçión de presentar declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e demais documentos tributarios e do cumprimento das obrigas formais.

c) A práctica de requirimentos no ámbito das súas funcións.

d) A realización de actuacións de verificación de datos.

e) A realización de actuacións de comprobación de valores polos medios de valoración recollidos nas letras b), c), f) e g) do punto 1 do artigo 57 da Lei xeral tributaria.

f) O recoñecemento e comprobación da procedencia dos beneficios fiscais determinados mediante resolución da Dirección da Axencia Tributaria de Galicia, mediante os procedementos de xestión tributaria previstos no Regulamento aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

g) A realización de liquidacións tributarias.

h) A realización das actuacións dos procedementos de xestión tributaria no ámbito material do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, pola transmisión de determinados medios de transporte usados entre particulares.

i) As funcións de imposición de sancións e de revisión en vía administrativa, sen prexuízo das funcións que, de conformidade co disposto nas normas legais, regulamentarias e de organización, deban entenderse atribuídas a outros entes, órganos ou unidades.

j) A subministración de etiquetas e de números ou códigos de identificación para os efectos fiscais.

k) A emisión de certificados tributarios, no ámbito das súas competencias.

l) A elaboración e mantemento dos censos tributarios.

m) A información e asistencia tributaria.

n) As demais que lle encomende ou lle delegue a persoa titular da delegación.

*Apartado modificado pola Disposición Derradeira segunda da Orde de 29 de xaneiro de 2015 pola que se aproban as normas de aplicación do imposto sobre a contaminación atmosférica*

B) Departamento de Xestión Tributaria, que exercerá as seguintes funcións:

a) A comprobación e realización das devolucións previstas no artigo 31 da Lei xeral tributaria, sen prexuízo das competencias atribuídas aos órganos de recadación nesta materia.

*Apartado modificado pola Disposición Derradeira segunda da Orde de 29 de xaneiro de 2015 pola que se aproban as normas de aplicación do imposto sobre a contaminación atmosférica*

b) O recoñecemento e comprobación da procedencia dos beneficios fiscais de acordo coa normativa tributaria.

*Apartado modificado pola Disposición Derradeira segunda da Orde de 29 de xaneiro de 2015 pola que se aproban as normas de aplicación do imposto sobre a contaminación atmosférica*

c) A realización de actuacións de control do cumprimento da obrigaón de presentar declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e demais documentos tributarios e do cumprimento das obrigaóns formais.

d) A realización de actuacións de verificación de datos.

e) A realización de actuacións de comprobación de valores.

f) A realización de actuacións de comprobación limitada.

g) A realización de liquidacións tributarias.

h) As funcións de imposición de sancións e de revisión en vía administrativa, sen prexuízo das funcións que, de conformidade co disposto nas normas legais, regulamentarias e de organización, deban entenderse atribuídas a outros entes, órganos ou unidades.

i) A emisión de certificados tributarios, no ámbito das súas competencias.

j) A realización das demais actuacións de aplicación dos tributos non integradas nas funcións de inspección e recadación, salvo as de información e asistencia tributaria.

k) As demais que lle encomende ou lle delegue a persoa titular da delegación.

2. Ámbito territorial. Os órganos anteriores exercerán as súas funcións no ámbito territorial da delegación a que pertencen establecido por orde da consellería competente en materia de facenda.

3. Competencia territorial. Será competente territorialmente o órgano de xestión tributaria que corresponder por aplicación dos puntos de conexión establecido nas leis de cesión de tributos do Estado e das regras de competencia territorial establecidas na normativa dos impostos de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e de sucesións e doazóns.

4. Departamento de Información e Asistencia. Para o exercicio das funcións sinaladas neste artigo, contará coas seguintes unidades administrativas:

A) Xefe de departamento. Á fronte do Departamento de Información e Asistencia de cada delegación da Axencia haberá unha persoa, que será a responsable do desenvolvemento das funcións e competencias que lle corresponden ao departamento e que será substituída, en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, pola persoa que designe a persoa titular da delegación da Axencia. A persoa que ocupe a xefatura do departamento realizará no ámbito material das súas competencias, entre outras, as seguintes funcións:

a) Ditar as liquidacións e resolucións dos procedementos de xestión tributaria enumerados no número 1.A) deste artigo.

*Apartado modificado pola Disposición Derradeira segunda da Orde de 29 de xaneiro de 2015 pola que se aproban as normas de aplicación do imposto sobre a contaminación atmosférica*

b) Acordar o inicio dos procedementos sancionadores.

c) Propor a resolución dos procedementos sancionadores cando se impoñan sancións non pecuniarias.

d) Resolver o resto dos procedementos sancionadores.

e) Resolver os procedementos de revisión administrativa que sexan competencia do departamento.

B) Equipo de Información, Asistencia e Comprobación. A persoa que ocupe esta unidade administrativa realizará no seu ámbito material de competencias, entre outras, as seguintes funcións:

a) Ditar a proposta de liquidación e a proposta de resolución de calquera procedemento de xestión tributaria para o que sexa competente o departamento da súa adscrición e elevala ao órgano inmediato superior para a súa aprobación.

b) Practicar os requirimentos que sexan procedentes dentro do seu ámbito de competencias.

c) Formular a proposta de acordo de inicio de procedemento sancionador, instruír o procedemento sancionador, salvo que a persoa titular da xefatura do departamento designase expresamente outra persoa, e formular as propostas de resolución de imposición de sancións.

d) Formular as propostas de resolución dos procedementos de revisión administrativa que sexan competencia do departamento.

e) Realizar as funcións de información e asistencia.

f) Elaborar estudos e informes sobre as distintas actuacións e procedementos desenvolvidos pola delegación da Axencia a que están adscritos.

g) As demais que lle encomende o xefe do departamento ou que se lle deleguen.

5. Departamento de Xestión Tributaria. Para o exercicio das funcións sinaladas neste artigo contará coas seguintes unidades administrativas:

A) Xefe de departamento. Á fronte do Departamento de Xestión Tributaria de cada delegación da Axencia haberá unha persoa, que será a responsable do desenvolvemento das funcións e competencias que lle corresponden ao departamento e que será substituída, en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, pola persoa que designe a persoa titular da delegación da Axencia. A persoa que ocupe a xefatura do departamento realizará no ámbito material das súas competencias, entre outras, as seguintes funcións:

a) Ditar as liquidacións e resolucións dos procedementos de xestión tributaria.

b) Recoñecer os beneficios fiscais de acordo coa normativa reguladora.

c) Acordar o inicio dos procedementos sancionadores.

d) Propor a resolución dos procedementos sancionadores cando se impoñan sancións non pecuniarias, salvo que a sanción consista na perda de beneficios fiscais cuxa concesión sexa da súa competencia.

e) Resolver o resto dos procedementos sancionadores.

f) Resolver os procedementos de revisión administrativa que sexan competencia do departamento.

B) Equipos de xestión. A persoa titular de cada equipo realizará no ámbito material das súas competencias, e de acordo co que determine o xefe de departamento, entre outras, as seguintes funcións:

a) Ditar a proposta de liquidación e a proposta de resolución de calquera procedemento de xestión tributaria.

b) Practicar os requirimentos que sexan procedentes dentro do seu ámbito de competencias.

c) Formular a proposta de acordo de inicio de procedemento sancionador, instruír o procedemento sancionador, salvo que a persoa titular da xefatura do departamento designase expresamente outra persoa, e formular as propostas de resolución de imposición de sancións.

d) Recepcionar os recursos que se presenten contra os actos ditados polo Departamento de Xestión Tributaria, mecanizalos ou, se é o caso, darlle traslado ao órgano competente para a súa tramitación ou resolución.

e) Tramitar os procedementos de revisión administrativa que sexan competencia do departamento.

f) Formular as propostas de resolución dos procedementos de revisión administrativa que sexan competencia do departamento.

g) Realizar as actuacións correspondentes ás reclamacións económico-administrativas contra os actos ditados polo xefe de Departamento de Xestión Tributaria, previas á súa remisión ao órgano económico-administrativo competente para resolver.

h) Ordenar a remisión da reclamación económico-administrativa e a documentación que deba acompañala ao órgano económico-administrativo competente para resolver.

i) As demais que lle encomende o xefe do departamento ou que se lle deleguen.

6. Unidades de xestión. Nas delegacións da Axencia poderá haber, adscritas ao Departamento de Xestión Tributaria, unidades que asumirán as funcións sinaladas no punto anterior cando as actuacións que se vaian realizar revistan especial complexidade, tales como as que tivesen por obxecto grandes patrimonios ou grupos económicos, entidades pertencentes a un determinado sector, subsector económico ou actividade económica ou aquelas cuxo importe económico sexa significativo, sen prexuízo de que poidan desenvolver outras actuacións que lles encomende o xefe de departamento ou que se lle deleguen. Estas unidades poderán realizar as actuacións correspondentes cando concorran as circunstancias sinaladas anteriormente, fóra do ámbito territorial da delegación a que estean adscritos, cando así o habilite o xefe da Área de Xestión Tributaria.

7. Dependendo directamente da persoa titular da delegación da Axencia haberá unha unidade administrativa, que será a encargada de coordinar a petición de informes a outras unidades ou órganos así como de realizar as funcións de notificación de todos os actos emitidos por calquera das unidades ou órganos da delegación.

#### **Disposición adicional primeira. Organizacións que presten servizos propios da Axencia**

As funcións anteriores no ámbito material dos impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e sobre sucesións e doazóns desenvolveranse sen prexuízo da posibilidade da súa encomenda por orde da consellería competente en materia de facenda a calquera organización que preste servizos propios da Axencia. Neste suposto observarase o establecido na orde da consellería competente en materia de facenda que as desenvolva.

#### **Disposición adicional segunda. Uso de acrónimo**

A Axencia Tributaria de Galicia poderá utilizar a denominación simplificada de Atriga, como acrónimo identificativo.

#### **Disposición transitoria primeira. Procedementos en curso**

As actuacións en curso que iniciaron calquera das unidades administrativas das xefaturas territoriais da Consellería de Facenda ou as oficinas liquidadoras de distrito hipotecario serán finalizadas, cando así



proceda, polos órganos de xestión tributaria da Axencia que foren competentes de acordo coa normativa vixente na data de entrada en vigor desta orde.

Para estes efectos, cando os procedementos de xestión tributaria foren iniciados por unha oficina liquidadora de distrito hipotecario e deban ser finalizados por un órgano dunha delegación da Axencia ou foren iniciados por un órgano dunha xefatura territorial da Consellería de Facenda e deban ser finalizados por outro órgano da esfera central da Axencia, os primeiros expedirán unha dilixencia de traslado do expediente ao órgano competente, dilixencia que será comunicada aos obrigados tributarios que sexan parte no devandito procedemento.

**Disposición transitoria segunda. *Modelos tributarios da Axencia Tributaria de Galicia***

Os actuais modelos tributarios da Dirección Xeral de Tributos poderán presentarse validamente ata que non leve a cabo a súa adaptación á nova estrutura da Axencia Tributaria de Galicia, incorporando o logotipo desta.

**Disposición transitoria terceira. *Cartóns de bingo***

Ata a aprobación da regulación da subministración de cartóns de bingo, estes seguirán fornecéndose nas delegacións da Axencia.

**Disposición derradeira. *Entrada en vigor***

Esta orde entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2012

Elena Muñoz Fonteriz  
Conselleira de Facenda